

LINGUA GALEGA

CANCIÓN : A SAIA DE CAROLINA

A saia de Carolina
ten un lagarto pintado,
cando Carolina baila
o lagarto dálle ó rabo.

-Bailaches, Carolina?

-Bailei, si señor!.

-Dime con quen bailaches.

- Bailei co meu amor.

-Bailaches, Carolina?

-Bailei,si señor.

1.- Coñeces esta canción? Fai un debuxo para ilustrala..

2.- Responde:

- Que prenda de vestir se nomea na canción?

Como se di en castelán?

- Que debuxo ten pintado?

- Carolina é un nome propio con xénero feminino, escribe os nomes propios femininos de 2ºB.

- Agora escribe os nomes propios masculinos, de 2ºB tamén. NON ESQUENZAS AS MAIÚSCULAS!!!

- Cal é o verbo que máis se repite na canción?

- Escribe nomes comúns que empecen por **ca, co, cu , que, qui**.

3.- Nada de estar en pixama!!!! Viste a roupa que máis che guste. Fai un debuxo con ela e describe como é .

4.- Que animal se cita na canción? Debúxao e risca o que non sexa verdadeiro.

É un ser inerte. É un ser vivo. Pertence ao reino animal. Pertence ao reino vexetal. É vertebrado.

É invertebrado. É mamífero. É réptil. É ave. É anfibio. É peixe. Aliméntase de insectos e vermes.

É carnívoro. Ten o corpo cuberto de plumas. Ten o corpo cuberto de escamas. Ten aletas.